




Concello de Ponteareas
Concellería de Medio Ambiente

Ubicación dos Centros de Compostaxe

Comunitarios:

•Rúa da Perillana (detrás da Biblioteca Municipal)

•Rúa dos Carballos/Feira Vella



INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN:



Concello de Ponteareas
Concellería de Medio Ambiente

Teléfono: 986640000
medioambiente@ponteareas.gal



PROGRAMA DE COMPOSTAXE COMUNITARIA



Concello de Ponteareas
Concellería de Medio Ambiente



Compostaxe comunitaria

O Concello de Ponteareas participa no Programa Revitaliza de Compostaxe Comunitaria promovido pola Deputación de Pontevedra.

A Directiva 2008/98/CE establece que antes do 2020, haberá que reciclar o 50% das fraccións reciclables procedentes dos residuos domésticos.

A fracción orgánica é un recurso totalmente reciclable que constitúe case o 50% en peso do lixo que xeramos diariamente nas nosas casas.

Compostando localmente os nosos restos orgánicos transformamos un residuo nun abono orgánico (compost) bo para a terra, achegándonos ao obxectivo de reciclaxe marcado pola Unión Europea.

“Mediante a Compostaxe Comunitaria, contribuimos a reciclar un recurso que agora mesmo se desbota e axudamos a protexer a natureza, recuperando unha práctica tradicional”.



Compostaxe comunitaria

Para participar neste programa, só é preciso cubrir unha folla de compromiso, dispoñible en dependencias municipais e na web do concello. Despois xa poderemos levar os nosos restos orgánicos ao composteiro comunitario.

Como usar os composteiros comunitarios

1. Separar ben na casa os restos orgánicos que van ir ao composteiro comunitario. Este paso é básico para que a compostaxe sexa óptima.

Ao composteiro poderemos botar restos de comida, froitas, verduras, hortalizas, restos de carne e peixes, restos de pan, cascas de ovos, cunchas..

Non botaremos, cueiros, toallíñas, produtos de hixiene feminina, papeis tintados..

2. Botar os restos no composteiro.
3. Cubrir ben eses restos sempre, co **material estruturante** (restos de podas, ramiñas..) que o concello proporciona.